



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 20 DE FEBREIRO DE 2018.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Manuel Galdo Dopico, D. Bernardo José Fraga Galdo e D. Luis Manuel García Otero.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Excusan a súa asistencia os seguintes concelleiros:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Emilio Villarrea Méndez, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. María Cristina Goás Fernández, D. Óscar Lara Gil, D. Celestino García Paz.

INTERVENTOR (por delegación de firma)

D. Sergio Aguado Delicado

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dez horas do día 20 de febreiro de dous mil dezaioito, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1^a PARTE:
PARTE RESOLUTIVA

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA
07/02/2018.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que na páxina 8, se observa un erro de transcripción, onde figura a súa intervención cando se di “sería o colmo quedar sen nave e sen cargos”, debería dicir “sería o colmo quedar sen nave e sen cartos”.



Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que non vai volver participar nunca máis nun pleno convocado no horario de funcionarios e xubilados, non entendendo porque se decidiu este horario.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que na páxina 82, onde se fai referencia á contestación pola Sra. Alcaldesa ás preguntas formuladas de xeito oral no pleno anterior, se indica que “adxunta un plano”, polo que pide que se acople este plano á acta como Anexo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que ela non podía celebrar o pleno noutro momento e urxía celebralo esta semana, polo que decidiu celebralo hoxe neste horario, atendendo tamén a que sería mellor facelo pola mañá pola situación persoal da secretaria. Considera que no traballo se pode pedir para acudir ao pleno, e resalta que non daba tempo facelo noutro momento, considerando unha premura traer esta moción ao pleno, pero di que non se volverá a convocar outro pleno en horario de mañá.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que hai quórum de milagre, e entende que non hai motivo de urxencia, considerando que sería máis razoable, de celebralo pola mañá, facelo á última hora.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que pensou que era mellor ás 10 que ás catorce horas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que subscibe as palabras do Sr. Bernardo Fraga, entendendo que podía terse celebralo unha xuntanza de voceiros e decidir a hora do pleno. Di que as súas compañeiras de grupo lle fixeron saber que elas non poden estar neste pleno por estar convocado para as 10 da mañá, porque todos non teñen as mesmas facilidades no seu traballo para poder faltar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se fixo así dunha maneira excepcional, por este tema en particular, e que non se voltará a facer.

2ª PARTE **PARTE DECLARATIVA**

1.- PROPOSTA DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, DE APOIO Á FOLGA FEMINISTA CONVOCADA PARA O 8 DE MARZO DE 2018.

Vista a moción presentada por D. Luis Manuel García Otero, en representación de SON VIVEIRO, integrante do Grupo Mixto, que literalmente di:

“O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Luis Manuel García Otero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede a seguinte proposición referente ao

APOIO Á FOLGA FEMINISTA convocada para o 8 de marzo de 2018

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O próximo 8 de Marzo, día Internacional da Muller, o movemento feminista co apoio de organizacións e colectivos políticos, sociais e sindicais, convoca unha folga xeral das mulleres ao longo e ancho a nosa xeografía.



Unha convocatoria de denuncia fronte ás desigualdades, ás discriminacións e ás violencia estruturais que sufrimos máis da metade da poboación mundial, as mulleres, pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario.

Unha folga feminista contra un sistema capitalista e patriarcal que permite que as desigualdades estruturais que padecemos as mulleres estean alcanzando tales niveis de gravidade e de tal dimensión, que fai ineludible tomar as rúas, as institucións e os centros de traballo para demostrar que sen nosoutras o mundo párase.

Un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas nos engloba e debúxanos nestes escenarios: En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballo de igual valor.

No Estado español, o traballo dedicado polas mulleres aos fogares, ao coidade e á reprodución alcanza o 53% do PIB, o que significa que o Estado fai recaer nas mulleres gran parte do que debería estar atendido a través dos servizos públicos.

En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 22,1% onde ademais a maioría de mulleres con emprego sitúanse nos tramos salariais máis baixos. Os últimos datos así nolo presentan, o 36,34% das mulleres asalariadas teñen ingresos iguais ou inferiores do salario mínimo interprofesional. É a chamada pobreza salarial, mulleres pobres con emprego.

A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres. A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar o IVE nos centros sanitarios públicos e que o código penal siga contemplando o aborto como un delito.

A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na enxeñería ou arquitectura, as mulleres apenas existen. Esta invisibilización conleva que as mulleres non aparezan na narración da Historia e que todas as súas achegas seguen a ser totalmente ignoradas.

As agresións sexuais e as violacións, nalgúns casos, pasaron de ser actos criminais individuais a formas grupais cada vez máis presentes.

Os continuos asasinatos de mulleres, que deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura anti patriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres.

A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer, non o esquezamos de mulleres pobres, que son quen se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal.

Os milleiros de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa "industria do sexo" e a prostitución.

Por estas e moitas máis razóns este CONCELLO apoia a Folga Feminista convocada para o 8 de marzo. Unha folga que irá enmarcada con grandes mobilizacións ao longo de todo o país, onde as mulleres tomarán as rúas para demostrar que non só hai que parar o mundo, senón que tamén hai que transformalo cambiando os seus modelos patriarcales por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Por iso é polo que o Concello de viveiro comprométese a:

Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.

Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.

Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres."

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar comezo ao debate, dándolle a palabra ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, en representación de SON VIVEIRO, integrante do Grupo Mixto, para dicir que lle pide á Sra. Alcaldesa que proceda, se así o quere, á lectura da moción, ou que proceda á súa lectura a concelleira da muller ou outra concelleira do equipo de goberno.

Intervén a concelleira D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, que procede á lectura da moción presentada por Son Viveiro.



Intervén D. Luis Manuel García Otero, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para preguntarse que papel poden xogar os homes nesta folga, e considera preciso que formen parte desta mudanza social, que esteñan nun segundo plano, pero que nesas días colaboren e realicen as tarefas cotidianas, tan infravaloradas sempre.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o grupo do PSOE vai apoiar a moción, Indica que é a primeira folga destas características apoiada por sindicatos e partidos políticos. Sinala que o feminismo é unha reivindicación dos dereitos das mulleres en igualdade que os homes, e engade que se ten avanzado moito, xa que o que hoxe se considera normal como é ir votar, ir sacar diñeiro ao caixeiro, etc... fai uns anos non o era, pero cree que aínda queda moito camiño por andar para unha total igualdade. Resalta que gracias á loita de moitas mulleres hoxe se pode gozar de dereitos que fai un tempo serían impensables.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que tras duros anos de crise económica da que se vai saíndo a igualdade se está consolidando, tal e como se pode percibir nas cifras de emprego así como nas variacións da brecha salarial, co que se están vendo os froitos do traballo realizado. Sinala que o emprego é o principal instrumento para loitar contra a desigualdade, e fai referencia a que na época de Zapatero aproximadamente un millón catrocentas mil mulleres perderon o seu emprego, así como á importante brecha salarial entre homes e mulleres nesa etapa. Apunta que o actual goberno, mediante a aplicación de diversas medidas conseguiu revertir esta situación, o que se atopa certificado por Eurostat. Atópase certificado que España leva 50 meses liderando unha baixada do paro na zona euro, e as medidas de fomento de emprego resultan imprescindibles para loitar contra a desigualdade. Resalta que polo goberno se adoptaron medidas que conseguiron mellorar a situación das mulleres e procede a sinalar varias desas medidas. Indica que grazas ás medidas adoptadas polo goberno se conseguiu reducir o paro das mulleres en 91.900, baixando a taxa de paro neste sector en 0,84 puntos, polo que entende que se vai camiñando en boa dirección. Tamén sinala que se regulou o teletraballo, co que se deu un bo paso para a conciliación da vida laboral e familiar. Indica así mesmo que hoxe en día calquera dos pais pode desfrutar do dereito de lactancia. Manifesta que a brecha salarial se atopa nun 14%, cando a media está máis alta, e hoxe en día hai máis mulleres afiliadas á Seguridade Social que nunca, oito millóns e medio traballando. Refírese a que últimamente o concelleiro de Son Viveiro ilustra os plenos con imaxes e amosa tamén a imaxe dun gráfico onde se pode observar a evolución da brecha salarial, que alcanzou un máximo histórico do 18,7%, e dende o 2012 foi descendendo ata o 14,9%, polo que se pode observar que as políticas están dando resultados aínda que non sexan suficientes, xa que hai que seguir reducíndoa. Engade que en materia de pensións 342.000 cobran o complemento de maternidade, co obxectivo de diminuír a brecha, xa que coa maternidade se acortaban en ocasións os periodos de cotización para poder atender aos fillos. Tamén indica que se avanzou en flexibilidade no emprego e en materia de conciliación, ampliando o permiso de paternidade. Respecto á erradicación da violencia de xénero fai referencia ao pacto de estado do 2017, do que indica que Podemos se descolgou. Este pacto obtivo o refrendo das Comunidades Autónomas e traballouse na súa implantación, polo que reitera que entende que se está a traballar na senda correcta, e se debe traballar todos xuntos para conseguir a total igualdade, poñendo o exemplo do pacto contra a violencia de xénero. Considera que participando nunha folga non se vai conseguir mellorar a situación das mulleres, xa que entende que o que éstas demandarán serán mellores condicións salariais, melloras en materia de conciliación e unha sociedade sen violencia de xénero e segura, o que se pode conseguir traballando todos xuntos, pero non nunha folga. Apunta que se trata dun paro convocado por asociacións vinculadas á esquerda radical vinculada a Podemos, que non vai axudar a conseguir estes obxectivos, polo que apunta que o grupo do P.P. non a vai apoiar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando apuntaba na súa intervención a que se conseguiran avances referíase a dereitos sociais non salariais. Sinala que non sabe que datos baralla o portavoz do grupo do P.P. nin dubida deles pero entende que a realidade pode verse e



que as mulleres son as peor pagadas, tamén apunta aos despedidos que se producen por causa de embarazos das traballadoras, non renovacións de contratos por causa da maternidade, etc, e entende que polo goberno non se están a tomar medidas que freen esta situación. Di que se aumentou o permiso de paternidade e que iso é bo, pero que tamén é unha medida electoral xa que tamén é importante que os pais podan desfrutar durante todo o tempo de vida dos seus fillos e non resulta posible.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que por parte do Sr. Bouza Rodil se plantexou un panorama idílico, que de ser certo levaría a preguntarse que fan as mulleres protestando. Manifesta que fai súa a moción presentada por Son Viveiro e que votará a favor.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que sabe quen son os protagonistas deste movemento, e que lle vai contestar ao Sr. Bouza Rodil por respecto, entendendo que pensa que se equivocou, xa que se referiu a cuestións da moción que se vai devatir no seguinte punto, non a ésta, que non se atopa vinculada a sindicatos nin partidos, senón que versa sobre os dereitos da muller. Procede á lectura do manifesto no que se di, entre outras cuestións “viva a folga feminista (...) querémonos vivas (...) hoxe a folga feminista non remata, seguiremos ata conseguir o mundo que queremos”

Intervén a concelleira D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, en representación do grupo municipal do PSOE, para dicir que o Sr. Bouza Rodil da datos e datos pero a realidade das mulleres dista moito diso. Di que non hai unha muller vítima do maltrato que esteña a favor das medidas que adopta o goberno do P.P., senón que están sempre en contra, o que indica que non se está a seguir un bo camiño. Manifesta que o P.P. di que hai que camiñar xuntos pero nunca apoia ningunha moción, nin sequera unha folga que é dar visibilidade ás mulleres que queren poñer a súa voz na rúa. Engade que non se falou do aborto, e entende que nun país no que unha muller depende doutras persoas para decidir se quere ser nai ou non, pouca liberdade se pode dicir que ten. Sinala que hoxe en día case todas as nais son autónomas, do que tamén se podería falar. Apunta que falar dos pensionistas neste país é un cachondeo e considera que se o grupo do P.P. non apoia esta moción deixa claro o que pensan das mulleres e que non as valoran.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o dereito á folga é individual, e non fai falta que un partido apoie a unha muller para que vaia á folga. Di que se se estivera nun país como Marrocos entendería esas posturas. Recalca que considera que queda moito por percorrer pero entende que haberá que traballar todos xuntos. Di que non está en contra de que ninguén vaia á folga e o P.P. non o vai impedir, senón que simplemente non a apoia. Respecto ao tema das pensións di que é certo que necesitan unha volta, pero dille á concelleira D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega que debería de analizar tamén cando se conxelaron, e engade que na súa intervención deu datos, que serán froito de algo, que non surxen da nada. Indica que é diferente non apoiar a prohibir e di que simplemente o seu grupo non apoia esta folga polo que razonadamente explicou.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que os datos son datos pero que tamén hai que escoitar os problemas do día a día, como os despedidos por embarazos, que tamén son unha realidade. Menciona os casos de mulleres ás que non lles compensa traballar porque co que gañan non poden pagar unha gardería para os seus fillos, ou mulleres que queren ser nais e non poden polo día a día, e indica que todos teñen membros nas súas familias ou cercanos, que sofren problemas de conciliación.

Intervén a concelleira D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, en representación do grupo municipal do PSOE, para darlle as grazas ao portavoz do grupo do P.P. pola súa aclaración de diccionario, pero engade que xa o ten claro. Di que co goberno do P.P. hai xente na cadea por



dicir o que pensa, polo que entende que non defenden a liberdade e di que se non apoian a folga non digan que está a favor da muller.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que no cárcere están os que cometen delitos, non por dar opinións.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación desta moción, con 8 votos a favor correspondentes aos cinco concelleiros do grupo do P.S.O.E, aos dous concelleiros non adscritos e ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, e 1 voto en contra correspondente ao concelleiro do grupo do P.P., do seguinte xeito:

Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.

Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.

Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA APROBAR A MOCIÓN PRESENTADA POR UGT GALICIA E COMISIÓNS OBRERAS DE GALICIA DE APOIO AOS ACTOS REIVINDICATIVOS CONVOCADOS NA CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO.

Vista a proposta da Alcaldía para aprobar a moción presentada por UGT Galicia e Comisións Obreras de Galicia de apoio aos actos reivindicativos convocados na conmemoración do 8 de marzo.

Vista a moción referida, que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de Marzo é un día de reivindicación laboral de todos os traballadores e traballadoras. En 2018 cumpriranse 110 anos do peche de 146 traballadoras da fábrica textil Cotton de Nova York para denunciar os baixos salarios e as condicións miserables de traballo que sufrían.

Un incendio provocado acabou coas súas vidas. En 1975, a ONU institucionalizou o 8 de marzo como Día Internacional da Muller, reclamando a súa participación, en pé de igualdade co home, na sociedade e no seu desenvolvemento integral como persoa.

COO e UGT esixímoslle ao Goberno e ás formacións políticas compromiso pola igualdade e contra a violencia de xénero.

En 2017:

- O 49 mulleres e 8 nenos e nenas foron asasinadas por violencia de xénero. De xaneiro a setembro de 2017 presentáronse en Galicia 4.943 denuncias.*
- O Hai 107.000 mulleres desempregadas en Galicia, o que supón unha progresiva feminización do desemprego.*
- O Hai 48.900 mulleres menos ca homes incorporadas á actividade e 49.800 mulleres menos ocupadas ca homes.*
- O As mulleres deixaron de percibir, por un traballo igual, máis de 5.000 euros ao ano. mercado laboral feminino está caracterizado por unha masiva feminización dos contratos a tempo parcial; o 77,3% deles son desempeñados por mulleres (máis de 3 de cada 4).*
- O As mulleres asumen maioritariamente os permisos e excedencias por coidado (9 de cada 10), o que limita o seu desenvolvemento profesional e mingua os seus dereitos e prestacións sociais.*

UGT e CCOO, no 8 de Marzo, reiteramos a denuncia pola inacción institucional e governamental de Europa ante o drama das persoas que fuxiron dos seus países en conflito, buscan refuxio ou solicitan



asilo, e o especial impacto que sofren as mulleres e as nenas, en moitos casos vítimas de abusos e violacións.

Por todo isto, propoñemos que ese Concello eleve a discusión e aprobación, se procede, a seguinte

MOCIÓN

Este Concello suscribe e comparte as iniciativas de CCOO e UGT e acorda apoiar as seguintes iniciativas:

CCOO e UGT chamamos a traballadoras e traballadores a secundaren a convocatoria de paos laborais de dúas horas por quenda e a apricipar nos distintos actos, manifestacións e mobilizacións que se leven a cabo con motivo do 8 DE MARZO, para reiterar o noso compromiso activo coa eliminación da discriminación laboral, económica e social das mulleres.

- Avanzar na eliminación das violencias machistas, garantindo o estrito cumprimento do compromiso económico, seguimento e avaliación das medidas acordadas no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.
- Impulsar o diálogo social e a negociación colectiva, incrementar as políticas activas de emprego, esixir plans de igualdade en todas as empresas obrigadas por lei e establecer medidas de acción positiva, imprescindibles para combater as brechas de xénero no emprego, avanzar en conciliación e corresponsabilidade e eliminar as desigualdades na protección social.
- Incrementar os recursos técnicos e humanos da Inspección de Traballo, e mellorar os criterios de vixilancia e control do cumprimento da igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito laboral.
- Activar políticas e medidas efectivas de corresponsabilidade, para que os coidados se repartan equitativamente entre mulleres, homes, a sociedade e o Estado, como a aprobación da quinta semana do permiso de paternidade, postergada polo Goberno, ou a retribución das excedencias por coidado familiar, en liña coas propostas aprobadas pola Comisión Europea en 2017.
- Fortalecer os servizos públicos, especialmente en educación, sanidade e servizos sociais, impulsando un modelo educativo igualitario que combata os estereotipos sexistas, así como garantir as infraestruturas públicas necesarias para atención a maiores, persoas dependentes e menores, especialmente de 0 a 3 anos.
- Promover unha lei para a igualdade salarial, e avanzar na representación paritaria nos distintos órganos de representación e decisión do conxunto das estruturas sociais e económicas da sociedade española.
- A ratificación do Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT) sobre o traballo digno das traballadoras do fogar, así como a promoción activa, desde a representación de España na OIT, da aprobación dun Convenio Internacional contra a violencia de xénero no lugar de traballo.

Por todo o anterior, o Pleno deste Concello

ACORDA

Sumámonos ás reivindicacións de CCOO e UGT, e apoiarmos a folga promovida por estas organizacións, acoutada en paros laborais de dúas horas por quenda en cada centro de traballo, e os distintos actos, manifestacións e mobilizacións que se celebren con motivo do 8 de Marzo, co fin de reiterar o noso compromiso activo coa eliminación da discriminación salarial, económica e social das mulleres.

Así mesmo trasladámoslles ao Goberno da Xunta de Galicia, grupos parlamentarios e interlocutores sociais, a necesidade de facer efectivas as medidas oportunas a través do diálogo social para evitar as situacións de discriminación, levar a cabo o pacto contra a violencia de xénero a acabar cos niveis de desigualdade que existan no noso país.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar comezo ao debate, procedendo á lectura da moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que se remite ao dito anteriormente, entendendo que as súas palabras son válidas para éste. Sinala



que a pesares dos logros acadados, que son moitos, hai que seguir traballando todos xuntos porque falta moito por recorrer. Di que se se cree que con facer unha folga se vai solucionar algo, haberá que ver ao día seguinte cal é o resultado. Considera que a igualdade é un asunto de todos, e se precisa dun traballo e esforzo conxunto para seguir avanzando. Engade que non vive nun mundo idílico e di que afortunadamente dende sempre veu como na casa os traballos domésticos se realizaban de forma indistinta por homes e mulleres, e no mundo laboral no que se move tampouco existen diferencias salariais entre homes e mulleres, pero sí é certo que hai casos en que non é así, pero entende que hai outros camiños e non a folga, sobre a que apunta que xa se puido facer antes pero non se fixo e faise agora, preguntándose o porque.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que no anterior debate se deron datos polo portavoz do P.P., e que aquí, nesta moción tamén hai datos, e fai referencia aos mesmos, sinalando que non importa que na gráfica se vexa que descende a brecha salarial se existen moitas mulleres que sofren estes problemas. Engade que neste país hai que mobilizarse socialmente para conseguir algo, xa que gracias a iso en España se teñen conseguido moitos dereitos. Resalta que sempre se celebrou este día e este ano decidiuse facer unha folga, á que pode acudirse libre e individualmente, pero tamén cada partido pode decidir apoiala libremente e que ela tamén a apoia de forma persoal.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que está a favor desta moción e se remite ao manifestado no anterior debate.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que está a favor desta moción. Sinala que o punto primeiro xa vai na súa moción, e respecto ao segundo indica que tiña dúbidas, porque se trata dun nivel político e sindical e di que o P.P. non se pronunciara ao respecto, pero agora sí o fixo, polo que di que non ten inconveniente en que se remita un escrito á Xunta de Galicia para que vexa a realidade que non veu. Fai referencia a quen pode participar na folga, á que están chamados todos os traballadores, e di que a convocatoria oficial parte da Comisión do 8 de Marzo, á que se sumaron varios sindicatos, xa que para convocar a nivel estatal esta folga tiñan que ser os sindicatos.

Intervén a concelleira D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, en representación do grupo municipal do PSOE, para dicir que se alegra de que a vida en familia indicada polo Sr. Bouza Rodil sexa así en termos de igualdade, referíndose a que a ella tamén a educaron neses valores, pero indica que hai moitas mulleres que non teñen un entorno idílico, e considera que hai que traballar en conxunto pero entende que o grupo do P.P. aínda que di que hai que traballar en conxunto logo sempre se desmarca.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación desta moción, con 8 votos a favor correspondentes aos cinco concelleiros do grupo do P.S.O.E, aos dous concelleiros non adscritos e ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, e 1 voto en contra correspondente ao concelleiro do grupo do P.P., do seguinte xeito:

Sumámonos ás reivindicacións de CCOO e UGT, e apoiarmos a folga promovida por estas organizacións, acoutada en paros laborais de dúas horas por quenda en cada centro de traballo, e os distintos actos, manifestacións e mobilizacións que se celebren con motivo do 8 de Marzo, co fin de reiterar o noso compromiso activo coa eliminación da discriminación salarial, económica e social das mulleres.

Así mesmo trasladámoslles ao Goberno da Xunta de Galicia, grupos parlamentarios e interlocutores sociais, a necesidade de facer efectivas as medidas oportunas a través do diálogo social para evitar as situacións de discriminación, levar a cabo o pacto contra a violencia de xénero a acabar cos niveis de desigualdade que existan no noso país.



EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico:
viveiro@fegamp.es

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 10.50 horas do día 20 de febreiro de 2018, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)